

SECRETARÍA GOBERNO
LOCAL

CONCELLERÍA DE
SEGURIDADE, CONTRATACIÓN,
FESTAS E XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO
DE VIGO



INFORME PROPOSTA CON RESOLUCIÓN

EXPTE 1506-1102

En data 12.07.2023 e posterior 26.07-2023 [REDACTED] actuando en representación de la mercantil MAIO GALICIA S.L.P solicita " copia del "Expediente de contratación de la actuación del grupo musical denominado AMARAL, celebrado en Samil el 26 de septiembre de 2021, con indicación de qué persona ostentaba la concejalía de fiestas en aquel momento."

En data 25.09.2023 requiriuse a D. [REDACTED] para que de conformidade co disposto no artigo 5.3 en relación co artigo 68 da Lei Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo emende a solicitude e acredite no prazo de 10 hábiles contados a partir do día seguinte a notificación do presente requirimento acredite a representación mediante calquera medio válido en dereito que deixe constancia fidedigna da súa existencia.

Transcorrido o prazo conferido non consta no expediente a emenda da documentación solicitada polo que conforme o 68 da Lei Lei 39/2015, do 1 de outubro procede entender a [REDACTED] desistido da súa solicitude.

Polo exposto, formúlase á Concelleira de Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal como órgano competente segundo Resolución de Alcaldía de delegacións específicas de data 28.06.2023 a seguinte **PROPOSTA**

PRIMEIRO.- Entender a D. [REDACTED] desistido da súa solicitude de acceso a información en expediente 1506-1102.

SEGUNDO.- Notificar ao solicitante indicándolle que contra esta resolución e de conformidade co previsto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo, poderase interpoñer recurso de reposición perante o mesmo órgano que a ditou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao presente notificación, ou ben, directamente recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa. Se se interpón o primeiro, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que se resolva expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

Vigo, na data de sinatura dixital.

Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/10/2023 09:59	Páxina 1 de 2
1506-1102		
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

A secretaria de Goberno Local, Susana Gallardo Fariña.

DECRETO: Vista a precedente proposta, **RESOLVO DE CONFORMIDADE COA MESMA.**

Vigo, data segundo sinatura electrónica á marxe

A Concelleira de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal Dona. Patricia Rodriguez Calviño (Resolución da Alcaldía de data 19 modificada por Resolución de data 28.06.2023e 20.06.2023 e 28.06.2023, BOP nº 129 de data 5.07.2023 e 28.06.2023)

Dou fe, a secretaria de Goberno Local, Susana Gallardo Fariña.

Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/10/2023 09:59	Páxina 2 de 2
1506-1102		
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		